


REPOSITORIO DE PROXECTOS

TeCe Redes en galego

ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22



CRITERIOS DE SELECCIÓN

Protocolo de actuación para
obxectivar os criterios de selección



CVE: OXSVEACSENG
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obrigas das persoas que integran as comisións técnicas de valoración no que respecta á valoración dos proxectos.....	3
3. Criterios de valoración.....	5
4. Grella de puntuación dos proxectos presentados e causas de rexeitamento.....	9



Protocolo de actuación para obxectivar os criterios de selección previstos na base 16 da Resolución do 2 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se publican as bases da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego, ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22

1. Introducción

TeCe Redes en galego insírese dentro da programación anual da contratación menor da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL). A súa finalidade é crear un repositorio de proxectos dixitais e servizos presenciais susceptibles de proporcionar contidos dixitais e servizos presenciais para fornecer un programa de dinamización lingüística e de transmisión interxeracional dirixido ao público infantil e xuvenil e ás súas familias.

As persoas integrantes das comisións técnicas de valoración nomeadas pola persoa titular da SXPL para avaliar os proxectos susceptibles de configurar o repositorio TeCe Redes en galego establecen, na súa sesión constitutiva do 2 de maio de 2022, o protocolo de actuación para obxectivar os criterios de valoración dos proxectos que se presenten á referida convocatoria pública. Estes proxectos poderán ser, consonte as modalidades previstas na devandita convocatoria, **dixitais** e **presenciais**. Pola súa vez, cada unha destas modalidades poderá incluír a combinación de diferentes formatos e, neste caso, os **proxectos mixtos** clasificaranse na modalidade que teña un peso económico maior.

2. Obrigas das persoas que integran as comisións técnicas de valoración no que respecta á valoración dos proxectos

2.1. No caso de que o número de solicitudes presentadas ao procedemento regulado nas bases da convocatoria exceda de cincocentas, as comisións de valoración só avaliarán, por orde de entrada, un número equivalente a este.

2.2. Con independencia do número de solicitudes que se presenten ao procedemento durante o prazo de presentación de ofertas, só se seleccionarán, ata o límite da asignación orzamentaria, aquelas propostas que cumpran os requisitos das bases desta convocatoria e que, a xuízo das comisións de valoracións, sexan as máis acaiadas para o desenvolvemento do programa de dinamización lingüística e de



transmisión interxeracional da lingua da SXPL, dirixido ao público infantil e xuvenil e ás súas familias.

2.3. A solicitude de participación, segundo o modelo do anexo I, constará principalmente de catro campos ou bloques de datos: xerais, técnicos, orzamentarios e de resultados. A persoa solicitante non precisará achegar ningunha outra documentación complementaria, nin imaxes nin animacións e, aínda que se permite incluír ligazóns, os contidos destas non serán determinantes para motivar a selección da proposta ofertada se o proxecto non acada a puntuación mínima nos campos de datos da solicitude.

2.4. De acordo coa base cuarta da convocatoria, as comisións técnicas de valoración comprobarán que todos os proxectos garanten, como mínimo, algún dos seguintes requisitos:

a) Que teñan carácter dinamizador no que respecta ao uso da lingua galega para o público destinatario, a través de recursos e ferramentas motivadoras e innovadoras.

b) Que contribúan de maneira directa a que o público destinatario e, de ser o caso, as súas familias, atopen neles un incentivo que os converta en focos de socialización en lingua galega nos ámbitos cotiáns da súa convivencia familiar, nas dinámicas de aprendizaxe no eido escolar, nas comunicacións horizontais entre iguais no tempo de lecer, na práctica do deporte dentro ou fóra do ámbito académico etc.

c) Que fomenten, en calquera dos seus formatos, que os procesos de dinamización lingüística se realicen de forma accesible e cun enfoque positivo.

d) Que os proxectos que se dirixan ao público infantil e, neste marco de actuación, os proxectos presenciais, busquen o trato persoal e a proximidade dos nenos e das nenas coas súas familias en espazos que permitan probar os xogos, compartir experiencias e interactuar con eles nun ambiente de diversión e esparexemento común. O obxectivo operativo que se persegue con este requisito é concienciar as familias do seu papel de promotoras da socialización en galego dos seus nenos e das súas nenas.

e) Que estean deseñados para que durante a súa execución ou gozo as persoas destinatarias acaden metas relacionadas cos seguintes obxectivos:

- O incremento do uso do galego oral en novos ámbitos e a transmisión interxeracional da lingua.

- O uso e a valoración da lingua galega a través de ferramentas e tecnoloxías da información e da comunicación.

2.5. Así mesmo, as comisións técnicas de valoración para a selección de propostas terán en conta as características xerais dos proxectos e as súas características técnicas, de acordo co previsto nas bases quinta e sexta da convocatoria.



3. Criterios de valoración

3.1. Os criterios técnicos e económicos de valoración son os previstos no apartado 3 da base décimo sexta da convocatoria e os aspectos que analizarán e avaliarán as comisións de valoración son os que se identifican de forma desagregada para cada criterio:

3.1.1. Interese do proxecto en relación cos eixes de acción estratéxica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e, sobre todo, da SXPL para o desenvolvemento da súa actividade, consonte os obxectivos e os ámbitos de actuación previstos nas bases da convocatoria TeCe Redes en galego. A súa puntuación máxima será de **20 puntos**.

Valorarase o interese e a capacidade do proxecto para dinamizar o uso da lingua galega entre o público destinatario, que será, segundo os casos, o público infantil, o público xuvenil e o público familiar. Tamén se valorará, de ser o caso, o interese e a capacidade do proxecto para favorecer a transmisión interxeracional da lingua galega ou para fomentar o uso do galego no colectivo neofalante.

Valorarase a idea central do proxecto en calquera das dúas modalidades previstas na convocatoria e a súa relación cos obxectivos e ámbitos de acción indicados nas bases da convocatoria e, en especial, que a proposta contribúa de maneira directa a que o público destinatario e, de ser o caso, as súas familias, atope neles un incentivo que os converta en focos de socialización en lingua galega.

Valorarase o interese e a capacidade do proxecto en calquera das dúas modalidades previstas na convocatoria para acadar unha maior sensibilización social a favor do galego e, pola súa vez, para promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que elimine prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.

Valorarase o interese e a capacidade do proxecto en calquera das dúas modalidades previstas na convocatoria para propiciar un maior uso oral da lingua galega entre o público destinatario, dado que a infancia, a mocidade e o público familiar son ámbitos sociais de actuación moi relevantes para o presente e o futuro da lingua.

1. Nos proxectos dixitais valorarase o seguinte:

- a) Que o proxecto, polo seu contido, favoreza o uso da lingua no colectivo neofalante e entre a xuventude que "non sempre fala galego" que sexa inspirador ou referente para un uso cotián do galego nos espazos menos transitados pola lingua galega.
- b) Que o proxecto trate aspectos ou ámbitos de acción coincidentes coas preferencias xerais de cultura, ocio e lecer do público destinatario.

2. Nos proxectos presenciais valorarase o seguinte:

- a) Que o proxecto presente unha dimensión participativa e social no contexto das relacións familiares ou de índole similar para visualizar a importancia da transmisión



interxeracional da lingua galega como elemento clave dun uso continuado no tempo.

b) Que o proxecto teña capacidade para fortalecer os vínculos de conexión entre a lingua galega, os afectos e a sensibilidade das persoas cara a ela nos intercambios comunicativos.

Valorarase a viabilidade da realización do proxecto e a súa versatilidade ou capacidade de adaptación ás diferentes circunstancias temporais, espaciais, climatolóxicas e, tamén, se procede, ás causas restritivas da mobilidade das persoas ou á capacidade dos espazos de execución cando, excepcionalmente, as autoridades sanitarias ou gubernamentais as prescriban como consecuencia dos efectos adversos da pandemia mundial derivada da covid 19.

Alto: 20

Medio: 10

Baixo: 2

Nulo: 0

3.1.2. Orixinalidade, creatividade e innovación, calidade técnica e estética do proxecto, así como da súa execución. A súa puntuación máxima será de **20 puntos**.

Valorarase a orixinalidade e o carácter innovador do proxecto, a proposta de formas orixinais de presentar os contidos asociados a el, a oferta de produtos e servizos singulares, creativos e actuais e a súa versatilidade.

Valorarase a calidade técnica e estética do proxecto en función do seu formato dixital ou presencial.

1 Nos proxectos dixitais teranse en conta, entre outras, as seguintes circunstancias:

a) O tipo de creación ofertada e a súa modalidade segundo os diferentes ámbitos: animación, documentais, ficción, cine, música, artes etc. e tamén se terán en conta os distintos formatos: vídeos, videoclips, audios, podcasts, libros dixitais etc.

b) O número total de obras ou produtos ofertados e, de ser o caso, a súa duración ou extensión e outras características técnicas e estéticas para mostrar os contidos, como a calidade da edición dixital, da gravación ou da maquetaxe, das ilustracións, dos planos e das fotografías, da ambientación, da iluminación e do son ou de calquera outro recurso tecnolóxico.

c) O elenco do equipo humano participante: dirección, autoría, actores e actrices, presentadores e presentadoras, persoas encargadas da corrección e das ilustracións, guionistas etc.



2 Nos proxectos presenciais teranse en conta, entre outras, as seguintes circunstancias:

- a) O tipo de servizo presencial ofrecido, a súa modalidade e o ámbito de acción segundo o público destinatario (espectáculos mixtos, teatro, concertos, obradoiros, actos, eventos ou charlas, contacontos, monólogos etc.).
- b) O número total de sesións, actuacións ou eventos ofrecidos, a súa duración e outras características técnicas e estéticas do deseño, da produción, da montaxe, do vestiario e da súa representación e posta en escena.
- c) A capacidade que teña o proxecto para a súa representación e repetición en diferentes localidades con circunstancias espaciais diferentes: auditorios, salas múltiples, salas de xogos, espazos abertos ou pechados etc.
- d) O elenco do equipo humano de participantes: dirección, autoría, actores e actrices, guionistas etc.

Valorarase a solvencia técnica, a experiencia e o historial creativo e profesional da empresa/persoa responsable da execución do proxecto. Estes aspectos valorarase en todos os proxectos de calquera das modalidades previstas na convocatoria, de acordo **exclusivamente** cos datos que figuran nos campos de datos da solicitude elaborada de conformidade co modelo do anexo I.

Alto: 20

Medio: 10

Baixo: 2

Nulo: 0

3.1.3. Grao de adecuación do contido do proxecto en relación co público potencial ao que vai dirixido (público infantil, xuvenil e familiar) e alcance potencial da súa difusión. A súa puntuación máxima será de **20 puntos**.

Valorarase a definición do público obxectivo ao que vai dirixido o proxecto, a idoneidade da proposta para o público destinatario e o grao de correlación entre a proposta de contidos e/ou as actividades presentadas e os seus intereses, aptitudes, necesidades ou demandas.

Valorarase o carácter transversal da proposta e a súa capacidade de integración nas diferentes programacións e liñas de accións de dinamización lingüística da SXPL.

Alto: 20 (correlación directa e explícita e idoneidade elevada ou total; alcance alto).

Medio: 10 (correlación pouco directa ou explícita e idoneidade media; alcance medio).

Baixo: 2 (idoneidade baixa ou moi baixa para o público potencial ao que vai dirixido; alcance baixo)

Nulo: 0 (ausencia de correlación e idoneidade nula; alcance mínimo)



3.1.4. Calidade lingüística do proxecto. A súa puntuación máxima será de **15 puntos**.

Valorarase a calidade da lingua utilizada na presentación dos proxectos segundo os campos de datos cubertos nas respectivas solicitudes.

Con carácter xeral, analizarase dende a perspectiva lingüística a adecuación, a corrección, a riqueza, a coherencia e a cohesión da redacción do proxecto nos diferentes campos da solicitude.

Poderá terse en conta a solvencia técnica, a experiencia e o historial creativo e profesional da empresa/persoa responsable da execución do proxecto e tomaranse como referencia traballos análogos ou tamén mostrase a empresa ou a persoa solicitante as achega coa solicitude. Neste caso, os traballos análogos ou as mostrase servirán para asegurar a calidade lingüística do proxecto na fase da súa execución antes de entregalo ou desenvolvelo. En calquera caso, todos os proxectos de calquera das dúas modalidades previstas na convocatoria deberán acadar unha puntuación **superior a 5 puntos**, o que se valorará tomando como referencia **exclusivamente** os campos de datos cubertos na solicitude. De non acadar este limiar mínimo de puntuación (**+ de 5 puntos**) nos campos da solicitude, o proxecto será rexeitado e non se terá en conta a calidade lingüística dos traballos análogos ou das mostrase achegadas.

Alta: 15

Media: 8

Baixa: 5

Nula: 0

3.1.5. Grao de adecuación do orzamento do proxecto presentado e dos seus custos de execución aos prezos de mercado en relación con outros bens ou servizos similares. A súa puntuación máxima será de **25 puntos**.

Valorarase o grao de adecuación do orzamento do proxecto presentado aos prezos de mercado en comparación con outros produtos ou servizos similares e a súa desviación proporcional.

Valorarase a viabilidade económica do proxecto respecto da súa execución tomando como referencia o orzamento presentado e analizarase a coherencia entre o orzamento e o proxecto presentado.

De ser o caso, cando o proxecto leve ademais da proposta principal unha proposta alternativa de execución, a estimación orzamentaria da alternativa debe ser idéntica ao orzamento da proposta principal.

Alto: 25 (adecuación total aos prezos medios de mercado; viabilidade alta)

Medio: 12 (desviación igual ou menor ao 10 % de desviación; viabilidade media)

Baixo: 2 (desviación igual ou menor ao 49 % de desviación; viabilidade baixa)



Nulo: 0 (desviación igual ou superior ao 50 % do prezo medio de mercado; viabilidade nula)

4. Grella de puntuación dos proxectos presentados e causas de rexeitamento

4.1. A calidade técnica dos proxectos, segundo os criterios dos apartados 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3 e 3.1.4 deste protocolo, que reproducen os previstos nos apartados a), b), c) e d) da base 16.3 da convocatoria, acadará unha puntuación máxima de **75 puntos**.

4.2. Rexeitaranse os proxectos que, ao sumar os criterios técnicos dos apartados 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3 e 3.1.4 deste protocolo, que reproducen os previstos nos apartados a), b), c) e d) da base 16.3 da convocatoria, obteñan unha puntuación inferior a **35 puntos**.

4.3. Así mesmo, rexeitaranse os que acaden unha puntuación igual ou inferior a **5 puntos** no criterio técnico para avaliar a calidade lingüística —apartado 3.1.4 deste protocolo, que reproduce o apartado d) da base 16.3 da convocatoria—.

A viabilidade económica dos proxectos examínase en función do orzamento presentado coa solicitude. A súa puntuación máxima será de **25 puntos**.

4.4. A ausencia total de adecuación dos custos do proxecto aos prezos de mercado motivará o seu rexeitamento.

4.5. Rexeitaranse, igualmente, os proxectos que presenten unha descrición da proposta presentada no campo de datos técnicos da solicitude que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración ou cuxos contidos non se axusten ás bases da convocatoria; que inciten ou promovan unha mensaxe ofensiva, violenta, discriminatoria ou que atenten contra os dereitos fundamentais das persoas.

4.6. En caso de empate, terá preferencia o proxecto que acade unha maior puntuación na suma total da calidade técnica, segundo os criterios dos apartados 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3 e 3.1.4 deste protocolo, que reproducen os previstos nos apartados a), b), c) e d) da base 16.3 da convocatoria. Se persiste o empate, terá preferencia o proxecto que acade unha maior puntuación no apartado 3.1.5, que reproduce o criterio do apartado e) da base 16.3 da convocatoria, relativo á adecuación do orzamento do proxecto e dos seus custos de execución aos prezos de mercado. Se aínda así persiste o empate, a persoa que exerza a presidencia dirimirá co seu voto de calidade.



As comisións técnicas de valoración emitirán un informe de valoración motivado para cada proxecto presentado e trasladaranlle ao órgano instrutor do expediente a súa decisión para que lle traslade á persoa titular da SXPL unha proposta de resolución dos proxectos seleccionados e os informes de valoración.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

José Blanco Tarrío

Elvira María Casal García

Secretario

Presidenta





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

